

ASUNTO: Acordo Consello de Goberno do 20/03/2017. Encargo da materia *Mecánica de Fluídos* na PDA do 2017/18


O Consello de Goberno, na súa sesión do 20 de marzo de 2017, aprobou a proposta de PDA así como a adscrición de materias a departamentos aprobada pola Xunta da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, con excepción da adscrición da materia *Mecánica de Fluídos* do segundo curso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

Os “*Criterios de elaboración da PDA para o curso 2017/18*” aprobados no Consello de Goberno do 7/02/2017, establecen que “*os departamentos poderán solicitar aos centros a adscrición de materias que non tiñan asignadas no curso 2016/17*”. De acordo con isto, o departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03) solicitou, entre outras, a adscrición da materia *Mecánica de Fluídos* do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

Tendo en conta que no dito departamento está incluída a área de Mecánica de Fluídos, o Consello de Goberno acorda cambiar a **adscrición da materia *Mecánica de Fluídos*** do departamento de Física Aplicada (T08), proposto polo centro, ao departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03).

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salida Nº. 201700004903
21/03/17 13:27:12



Vigo, 21 de marzo de 2017
A vicerreitora de Org. Académica e Profesorado

Ana M. Graña Rodríguez

Sr. Director da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Sr. Director do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos
Sr. Director do Departamento de Física Aplicada